



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN COMO ENTIDADE COLABORADORA ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2020

REUNIDOS

De una parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia e o artigo 3 do Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo se que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en vigor mentres non se proceda ao desenvolvemento da estrutura contida no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Doutra parte, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 57/2018, do 31 de maio (DOG do 5 de xuño), do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da USC.

Interven en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

I. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante consellería) exerce as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, e ten entre outras funcións, o desenvolvemento de accións encamiñadas á formación e perfeccionamento permanente do profesorado, o cal constitúe unha das pezas clave do noso sistema educativo.

II. A Orde do 14 de maio de 2013 (DOG do 22 de maio) pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia, recolle no seu artigo 12.1 a posibilidade de subscribir convenios entre a consellería e outras entidades e institucións, públicas ou privadas sen ánimo de lucro, que estean vinculadas coa educación, entidades ou institucións que adquiren a condición de entidades colaboradoras.





III. A Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC) de acordo cos seus estatutos, ten recoñecida entre as súas finalidades a formación do profesorado, e manifesta a súa vontade de desenvolver, como entidade colaboradora, accións formativas que contribúan á mellora do desenvolvemento profesional do profesorado en coherencia coas liñas de actuación prioritarias, obxectivos e finalidades establecidas en materia de formación permanente do profesorado na planificación realizada pola administración educativa e dispón de recursos necesarios para garantir o adecuado desenvolvemento de actividades de formación.

IV. As dúas institucións están interesadas na creación dun marco de colaboración estable para a formación permanente do profesorado que estableza unha adecuada planificación das accións formativas e que permitan dar unha resposta adecuada ás necesidades formativas do sistema educativo e do persoal docente, coa finalidade de que repercutan positivamente no proceso de ensinanza e de aprendizaxe do alumnado.

En atención ao exposto, ambas as dúas partes conveñen en formalizar este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é colaborar no eido da formación permanente do profesorado, dentro do ámbito de aplicación da Orde do 14 de maio de 2013 (DOG do 22 de maio) pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia.

SEGUNDA. Obrigas.

A USC por medio da subscrición do presente convenio adquire a condición de entidade colaboradora e obrígase a:

- a) Organizar e desenvolver as actividades de formación permanente do profesorado que se recollen na addenda que se adxunta ao presente convenio, segundo o establecido nos Capítulos I,II III,IV,V,VI,VII da Orde do 14 de maio de 2013.
- b) Garantir que a oferta formativa, especificada na correspondente addenda, sexa unha oferta aberta ao profesorado que desenvolve o seu labor docente ou especializado nos centros sostidos con fondos públicos, dentro do ámbito de xestión da Consellería de





Cultura, Educación e Universidade, así como aquel con destino nos servizos técnicos da consellería.

- c) A USC disporá do persoal técnico, equipamento e instalacións necesarias para levar a cabo as distintas accións formativas recollidas nas addendas e que se relacionan na mesma, e especialmente en actividades relacionadas coas TICs.
- d) A USC establecerá procesos internos de seguimento das actividades que garantan o seu correcto desenvolvemento, e facilitará os procesos de seguimento e inspección establecidos pola administración educativa, proporcionando os datos requiridos tanto sobre persoas seleccionadas ás actividades, asistentes, renuncias en prazo e xustificadas e non comparecencias ou renuncias non xustificadas, como outros datos xenéricos da actividade.
- e) A USC, ademais das obrigas legais establecidas de avaliación das actividades e das persoas participantes, colaborará coa administración educativa, por medio da rede de formación permanente do profesorado, na avaliación que esta poida realizar do desenvolvemento e adecuación das actividades obxecto do convenio en relación coas liñas, obxectivos e finalidades establecidas en materia de formación do profesorado.
- f) A USC adoptará as medidas necesarias para facilitar o proceso de xestión e certificación das actividades de formación de xeito que se poida garantir unha adecuada coordinación e eficiencia no recoñecemento e certificación das actividades.
- g) Nos materiais que se publiquen ao abeiro deste Convenio inseriranse o logotipo da Consellería e farase mención expresa a este Convenio. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade non terá responsabilidade no seu uso.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia coa subscrición do presente convenio obrígase a :

- Colaborar coa entidade para o adecuado desenvolvemento do programa de formación aprobado, facilitando a xestión de procedementos de recoñecemento e certificación.

TERCEIRA. Causa de resolución.

Será causas de resolución deste convenio:





- a) Non realizar ningunha actividade de formación nalgún dos anos de vixencia do convenio.
- b) Non realizar por parte da entidade máis do 60% das actividades aprobadas.
- c) As demais que se establezan no correspondente convenio.
- d) Calquera das partes poderá denunciar o convenio durante o seu período de vixencia sempre que medie incumprimento grave dos compromisos asumidos, así como polo incumprimento dos requisitos establecidos na Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia.

CUARTA. Comisión de seguimento.

4.1 Para o seguimento do establecido neste convenio, as partes acordan crear unha Comisión de seguimento que estará integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes.

4.2. A Comisión reunírase como mínimo unha vez ao ano, así como sempre que o requira unha das partes, con previo aviso á outra parte con polo menos unha semana de antelación.

QUINTA. Relacións Laborais.

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolveron as actividades e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente convenio.

SEXTA. Valoración económica

A realización deste convenio non supón ningún gasto para as institucións asinantes; por este motivo non se precisa consignación orzamentaria.

SÉTIMA. Protección de datos de carácter persoal





As partes manifestan que coñecen e cumpren tanto a lexislación europea como nacional en materia de protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento deste convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes comprométense a:

- tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.
- que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.
- que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, de ser o caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

Os datos de carácter persoal deberán ser devoltos ou conservados nun arquivo protexido, a criterio da USC, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

OITAVA. Rexistro de convenios

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da USC para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.





NOVENA. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería e Facenda do 8 de abril de 1991.

As cuestións litixiosas que xurdisen respecto da interpretación, a modificación, a resolución serán resoltas de mutuo acordo polas partes. En defecto de acordo entre as partes, a xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

DÉCIMA. Vixencia

1. Este convenio empezará a producir os seus efectos a partir da data da súa sinatura e terá unha duración de 4 anos.

Non obstante, antes do remate do prazo previsto se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderá acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre co límite máximo de ata catro anos adicional establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A subscrición deste convenio anula calquera outro asinado con anterioridade para o mesmo fin e concretamente o asinado o 30 de xuño de 2015.

En proba de conformidade, as partes asinan este convenio por duplicado na data e lugar indicados no encabezamento.

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade	O reitor da USC
Román Rodríguez González	Antonio López Díaz



